

ORDENANZA 3.11 TAXA POLO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local e consonte ó que disponen os artigos 15 e 20.4.k) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), este Concello establece a Taxa por servicio de extinción de incendios, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, da que as normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación de servicios polo Parque Municipal de Bombeiros nos casos de incendios e alarmas dos mesmos, afundimentos totais ou parciais de edificios ou instalacións, ruínas, derrubamentos, inundacións, salvamentos e outros análogos, xa sexa por solicitude de particulares interesados, ou ben de oficio por razóns de seguridade, sempre que a prestación do servicio beneficie ó suxeito pasivo.
2. Non estará suxeito a esta Taxa o servicio de prevención xeral de incendios, nin os servicios que se presten a favor da comunidade ou dunha parte considerable da poboación do municipio ou en casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declaradas.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que fai referencia o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e os usuarios dos inmobilés sinistrados que sexan obxecto da prestación do servicio, entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, usufructuarios, inquilinos e arrendatarios dos devanditos inmobilés.
2. Cando se trata da prestación de servicios de salvamento e outros análogos, será suxeito pasivo contribuínte a persoa física ou xurídica e a entidade prevista no artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que os solicite ou en favor da que redunden.
3. Terá a consideración de substituto do contribuínte, no caso de prestación do servicio de extinción de incendios, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.

Artigo 4º. Responsables

1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servicio, do tempo investido neste, do percorrido efectuado polos vehículos que actúen e do lugar da prestación do servicio
2. Para este efecto aplicaránse as seguintes tarifas:
 1. Pola saída do Parque de Bombeiros de calquera vehículo do servicio, incluída a primeira hora de traballo 43,10 €
 2. Por cada hora ou fracción de traballo adicional..... 43,10 €
 3. Por cada hora ou fracción de traballo de cada Bombeiro 13,10 €
 - Cabo 13,90 €
 - Saxento 16,25 €
 4. Por cada tramo de mangueira de 70 cms.de diámetro 4,30 €
 - de 45 cms. de diámetro 2,70 €
 - de 25 cms. de diámetro 2,00 €
 5. Pola utilización de cada equipo respiratorio 21,60 €
 6. Pola utilización de equipos especiais 43,10 €
 7. Por cada litro de espumóxeno segundo tarifa vixente.
 8. Pola utilización de cada extintor segundo tipo e tamaño.
 9. Por cada hora ou fracción de traballo de moto-bombas ou turbo-bombas..... 43,10 €
 10. Por cada hora ou fracción de traballo do xerador de electricidade 43,10 €
 11. Por cada kilómetro percorrido nas saídas 0,85 €
 - (en tódalas saídas contabilizarase o tempo transcorrido desde a saída ata o regreso ó Parque)
 12. Cando o servicio non chegue a intervir cobrarase a saída do vehículo do Parque e os kms. percorridos.
 13. Cando a intervención entraña un alto índice de risco, cobrarase unha tarifa fixa de 260,25 €
 14. Nas intervencións fora dos termos municipais incluidos no Convenio marco de colaboración sobre o Parque comarcal de bombeiros, a cota tributaria incrementarase nun 50%

Artigo 6º. Intervención fóra dos termos municipais do convenio marco de colaboración sobre o parque comarcal de bombeiros

A actuación dos servicios municipais ven determinada e limitada polo ámbito territorial dos termos municipais incluídos no convenio marco de colaboración sobre o parque comarcal de bombeiros.

Segundo o anterior, o Servicio Municipal de Extinción de Incendios con carácter xeral e habitual non intervirá fóra do ámbito territorial de ditos termos, agás supostos puntuais debidamente ponderados en cada caso, e que en ningún caso servirán para suplir a responsabilidade e competencia doutra Administración ou doutras Institucións, ou para invadir o campo de actuación de empresas privadas.

En todo caso, as intervencións fóra dos termos municipais do convenio, quedarán supeditadas ás disponibilidades reais do servicio e produciranse nos seguintes términos:

a). Rescates en estrada.

O Servicio municipal intervirá no rescate de ocupantes ou conductores atrapados no interior de vehículos accidentados, cando existe risco para a vida ou seguridade das persoas.

b). Incendios de vivendas ou edificacións.

Con carácter xeral a extinción de incendios de vivendas ou edificacións é responsabilidade do propio municipio. Cando non existan medios suficientes no propio municipio, ou éste careza de Servicio de Extinción de Incendios, existindo risco para a seguridade das persoas, en virtude do principio de colaboración que debe presidi-la actuación das Administracións Públicas, a requerimento da Corporación Municipal onde se produce o incendio, poderase prestar o servicio interesado sempre que sexa factible.

Artigo 7º. Obriga de contribuir

A taxa devéngase cando sae do Parque a dotación correspondente, momento no que se inicia para todos os efectos a prestación do servicio.

Artigo 8º. Normas de xestión

O Parque de Bombeiros certificará os datos do servicio realizado e sinalados na presente Ordenanza, en base ós cales o Servicio de xestión, inspección e recadación tributaria deste Concello practicará a liquidación que corresponda, que será notificada o suxeito pasivo para ou ingreso.

No caso de prestación do servicio fóra dos termos municipais do convenio para rescates na estrada, debe incorporarse a factura ás actuacións xudiciais que se sigan diante do Xulgado de Instrucción, polo que os membros do Servicio Municipal de Extinción de Incendios que interviran na actuación deben solicitar dos axentes actuantes que lles indiquen o número de diliencias previas. No caso de que non se abran diliencias penais procederase a reclamar o importe nos termos previstos no art. 3 da presente Ordenanza e na lexislación vixente.

Artigo 9º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo calificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o dispostos nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día vinte e sete de outubro de dous mil cinco, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de vinte e tres de decembro de dous mil cinco. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil seis, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.